Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 16/05/2019 12:44:21
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 478
16 de maio de 2019

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 49628) 160494
— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 49625) 160503
— Do G. P. de En Marea (doc. núm. 49616) 160507

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Rexeitamento das iniciativas

45972 (10/PNC-003700)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co contrato asinado coa empresa Babcock en materia de extinción de incendios 160491

48468 (10/PNC-003918)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e relación cos danos medioambientais ocasionados polo incendio forestal declarado a finais do mes de marzo de 2019 nos concellos de Dodro e Rianxo 160492

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación do acordo de execución da sentenza núm. 222/19, da Sección 001 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se resolve o recurso contencioso-administrativo interposto polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia contra o acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, de data 14 de novembro de 2017, polo que se modifican as bases do proceso selectivo para ingresar, por oposición libre, en dúas prazas da Escala Técnica de Informática (doc. núm. 49572) 160492

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia

A Mesa da Comisión 1ª, Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 15 de maio de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia

- 48795 (10/PL-000014)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de administración dixital de Galicia
BOPG nº 458, do 09.04.2019

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acórdase a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade de devolución (un total de 3)

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 49628)
— Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 49625)
— Do G. P. de En Marea (doc. núm. 49616)

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, na súa sesión do 15 de maio de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas

- 45972 (10/PNC-003700)
Grupo Parlamentario de En Marea

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rodríguez Estévez, David e dous deputados/as máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co contrato asinado coa empresa Babcock en materia de extinción de incendios
BOPG nº 434, do 20.02.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 48468 (10/PNC-003918)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e relación cos danos medioambientais ocasionados polo incendio forestal declarado a finais do mes de marzo de 2019 nos concellos de Dodro e Rianxo
BOPG nº 458, do 09.04.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019
Eva Solla Fernández
Vicepresidenta 2ª

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación do acordo de execución da sentenza núm. 222/19, da Sección 001 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, pola que se resolve o recurso contencioso-administrativo interposto polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia contra o acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, de data 14 de novembro de 2017, polo que se modifican as bases do proceso selectivo para ingresar, por oposición libre, en dúas prazas da Escala Técnica de Informática (doc. núm. 49572)

Advertido un erro na publicación do devandito acordo, no BOPG núm. 477, do 15 de maio de 2019, por omisión do punto 2º, publícase de novo o texto completo:

«A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º. Executar a sentenza núm. 222/19, da Sección 001 da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anula o Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, de data 14 de novembro de 2017, polo que se modifican as bases do proceso selectivo para ingresar, por oposición libre, en dúas prazas da escala técnica de informática (DOG núm. 226, do 28 de novembro de 2017).

2º. Comunicarlle este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para que leve a cabo as actuacións precisas para desenvolver o proceso selectivo nos termos da dita resolución xudicial.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3º. Devolverlles ás persoas aspirantes que se inscribisen no devandito proceso selectivo as taxas aboadas. Para tal fin deberán presentar no Rexistro do Parlamento a correspondente solicitude co número de conta bancaria no que efectuar a devolución.

4º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*».

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2019
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 17:11:57
Nº Rexistro: 49628
Data envio: 07/05/2019 17:11:57.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego(BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade**, **de devolución**, ao **Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia [10/PL-000014** (doc. núm. **48795**)], en base ás seguintes consideracións:

Estamos adiante dun proxecto de lei nesgado, parcial e que intenta camuflar coa linguaxe unha realidade moi diferente. O texto abóase ao discurso "buenista" das vantaxes e oportunidades que crean a tecnoloxía e a dixitalización: máis emprego, máis transparencia, máis participación e mellor goberno. A verdade é que as leis e as palabras-por moi bensoantes que sexan- nin crean nin substitúen o mundo real.

O feito de que haxa unha Lei de transparencia e bo goberno non crea a transparencia e o bo goberno. É máis ben un simulacro, o decorado supérfluo que agocha unha realidade moi diferente. O discurso da transparencia, da eficiencia, da proximidade, da participación é unha especie de mantra que vale para todo e que intenta ocultar que nunca como agora as decisións políticas transcendentes se toman por medios menos transparentes e democráticos. Estamos nunha época histórica na que a democracia é substituída ou prostituída pola tecnocracia.

Neste sentido, bótase de menos no texto o fomento efectivo da participación cidadá, tanto de forma individual como colectiva, tanto por medios

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 17:11:57
Nº Rexistro: 49628
Data envio: 07/05/2019 17:11:57.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tradicionais como a través das novas posibilidades que ofrece a tecnoloxía. A realidade estatística da baixa participación da cidadanía e das entidades representativas na tramitación de textos normativos, na aprobación de proxectos e plans, ou en xeral na relación coa administración por medio de queixas e suxestións pon de relevo un cada vez maior afastamento entre a sociedade e a administración, que esta lei non contribúe a diminuír.

O texto do proxecto, principalmente na exposición de motivos, é unha colección de tópicos e ideas comúns sobre as bondades da tecnoloxía e da administración dixital. A dixitalización non é boa *per se*, é boa se contribúe a mellorar a cohesión, a xustiza social, a democracia. E a realidade mostra como a tecnoloxía actúa como instrumento da exclusión e da desigualdade. E como a maneira de levar a cabo a dixitalización favorece os grandes intereses económicos e crea nichos de negocio para empresas que parasitan a administración.

Se ben desde o BNG compartimos a necesidade de modernizar a administración e de facer fronte ao desafío dixital, non estamos de acordo coa filosofía da lei, expresada na exposición de motivos, posto que tal como está concibida vai agrandar a fenda dixital. Unha fenda que lle afecta a unha parte importante da poboación por motivos económicos, xeográficos, educativos e xeracionais.

Para conseguir unha sociedade inclusiva e integradora, onde haxa oportunidades para todas as persoas, é fundamental garantir o exercicio de dereitos relacionados coa dixitalización. E o texto deste proxecto non os garante.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 17:11:57
Nº Rexistro: 49628
Data envio: 07/05/2019 17:11:57.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E isto é así porque a lei fai tábula rasa e non ten en conta a situación dunha parte da poboación que ten serias dificultades de acceso á sociedade do coñecemento e á dixitalización. Trátase polo tanto dunha norma nesgada e enganosa.

Os propios datos estatísticos recollidos na exposición de motivos reflicten as desigualdades e as dificultades que existen para o acceso á tecnoloxía. O lóxico sería que a lei marcase como prioridade garantir o acceso universal e en igualdade de condicións da poboación á tecnoloxía en xeral e á administración en particular, removendo os atrancos que deixan atrás a tantas persoas. E isto ten que ver con dúas realidades que non aparecen recollidas no texto: o acceso a redes de datos competitivas para toda a poboación, e o acceso universal ao coñecemento e uso das ferramentas tecnolóxicas. Neste sentido, existen experiencias noutros países que demostran que é posíbel a inclusión dixital, e esta lei debería marcar o rumbo para facelo realidade.

Neste sentido, o titulo VI, que fai referencia ao impulso dixital, podería ser unha oportunidade para ir máis alá do fomento no ámbito da administración autonómica. Malia que no artigo 3 se explícita como fin da lei "a capacitación da cidadanía en competencias dixitais", o texto non vai máis alá das xeneralidades a respecto do marco galego de competencias dixitais e da inclusión dixital, e reduce a tres artigos o impulso da sociedade galega dixital. No seu lugar debería desenvolver unha planificación moito máis detallada, con obxectivos, medidas e prazos para facelo realidade, para darlle rango de lei a aspectos que xa están presentes en documentos aprobados polo goberno. Neste título volve a facerse patente o nesgo administrativo e tecnocrático da lei, primando o desenvolvemento da administración dixital sobre a dixitalización social. Unha

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 17:11:57
Nº Rexistro: 49628
Data envio: 07/05/2019 17:11:57.274

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vez máis, a tecnocracia prevalece sobre a democracia, e a automatización sobre a humanización, os bits sobre as persoas.

Se ben é certo que existen axendas internacionais, estatais e galegas que establecen un calendario para a modernización e a dixitalización da administración, o certo é que non se pode empezar a construír a casa polo tellado, porque se corre o risco de deixar unha parte importante da poboación atrás. Polo tanto, a lei debería establecer como prioridade o acceso en condicións de igualdade de toda a poboación ás redes de comunicación e ao mundo dixital, e de xeito paralelo avanzar na dixitalización da administración.

No tocante ao ámbito de aplicación da lei, tampouco parece razoábel que se centre exclusivamente na dixitalización da administración autonómica e deixe de lado a administración local ou o ámbito universitario. Na liña da coordinación, cooperación, e intercomunicación entre administracións, sería desexábel que a lei establecese medios e mecanismos para o desenvolvemento dixital na administración local, garantindo ao mesmo tempo -en colaboración coas entidades locais- a eliminación das barreiras que dificultan o acceso igualitario para toda a poboación. Neste sentido, o texto nin sequera ten en conta o previsto no Plan de Administración e Goberno Dixitais . Horizonte 2020.

Outras carencias do proxecto de lei teñen que ver co escaso desenvolvemento de medidas encamiñadas a garantir a dixitalización e o acceso da poboación en ámbitos sectoriais, con atención específica ao mundo da educación formal e informal, ao da saúde, ao dos servizos sociais e ao da xustiza.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 17:11:57
Nº Rexistro: 49628
Data envio: 07/05/2019 17:11:57.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Botamos tamén de menos a referencia á relación entre modernización tecnolóxica e normalización lingüística. Así, o texto do proxecto non recolle expresamente a garantía de dispoñibilidade de recursos e plataformas tecnolóxicas en lingua galega, posibilitando na práctica a discriminación e a exclusión do galego de ámbitos fundamentais como o da xustiza.

O texto do anteproxecto debería garantir tamén, dunha maneira clara, o acceso en pé de igualdade das persoas con diversidade funcional, establecendo os mecanismos efectivos para eliminar as barreiras de comunicación, de acceso á información e de acceso en pé de igualdade ao eido dixital.

O proxecto de lei tamén afonda na privatización da administración, dándolle carta de natureza á xestión indirecta por parte de grandes grupos empresariais de sectores claves da administración como a información e atención á cidadanía, a información e cita médica, a xestión do correo electrónico corporativo, o arquivo dixital, a contratación pública, a xestión de datos persoais sensíbeis como a historia médica ou a historia social… Consideramos a este respecto que este texto legal debería blindar o carácter público e a xestión directa destes servizos fundamentais, evitando desta maneira a privatización e o negocio da dixitalización. Un negocio do que se lucra un reducido grupo de empresas, sempre as mesmas, que controlan e reparten substanciosos contratos e que se configuran como extensións da administración ata o punto de confundirse con ela. Empresas por outra parte que desenvolven relacións parasitarias coa administración, na medida en que xeran recursos informáticos que lles dan posicións vantaxosas para acceder á renovación dos contratos públicos, limitando

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 17:11:57
Nº Rexistro: 49628
Data envio: 07/05/2019 17:11:57.274

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a posibilidade da concorrencia e da competencia e configurando situacións de auténtico monopolio.

A este respecto, cómpre ter en conta as multas millonarias que a CNMC impuxo a varias empresas que teñen numerosos e contiosos contratos coa administración galega en materia de dixitalización, o que suscita serias dúbidas sobre a limpeza destas contratacións. É por iso que o BNG considera necesario que a lei faga prevalecer o interese e carácter público dos servizos dixitais, restrinxindo a casos moi concretos e excepcionais a xestión privada.

Outro aspecto no que afonda a lei é a diferencia de trato no referente á obrigatoriedade de relacionarse a través de medios electrónicos coa administración. A obriga de carácter xeral para as persoas autónomas de realizar os trámites e actuacións que desenvolvan no exercicio da súa actividade profesional, por máis que se derive do actual marco normativo, constitúe unha discriminación de feito e unha sobrecarga de traballo e custos, xa que nalgúns casos obriga a contratar os servizos de empresas especializadas.

O mesmo cabe dicir do previsto no apartado 6.2 en xeral e a respecto das convocatorias de axudas e subvencións, o que podería dar lugar a dificultades de acceso e xestión dos procedementos por parte das persoas interesadas, tanto particulares como asociacións.

O posíbel establecemento da obriga de presentar documentos electrónicos en función de criterios como a capacidade económica, técnica, dedicación profesional afonda nas desigualdades e na posíbel discriminación de persoas e colectivos por razóns económicas e sociais.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 17:11:57
Nº Rexistro: 49628
Data envio: 07/05/2019 17:11:57.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A este respecto, cómpre ter en conta os efectos discriminatorias que xa están a sufrir as pequenas e medianas empresas con relación a grandes grupos empresariais e corporacións, que dispoñen de moitos máis medios para ser competitivos e dispoñer de vantaxes no acceso á contratación pública.

Por outra parte, na lei debería facerse referencia á prohibición de convocatorias de subvención nas que o criterio sexa a orde de entrada das solicitudes por dúas razóns: primeiro porque por norma as convocatorias de subvención deberían ser sempre en concorrencia competitiva e, segundo, porque non se garante o acceso igualitario no caso de entidades que dispoñen dunha internet máis lenta.

Outro aspecto relevante é a falta de concreción do impacto orzamentario do proxecto. En canto á memoria económica-financeira da AMTEGA, trátase dun documento tan cativo que non pode considerarse propiamente unha memoria: limítase a dicir que non implica un incremento de custo económico directo sobre o do xa previsto para o Plan de Administración e Goberno Dixitais 2020, unha afirmación moi pouco rigorosa dada a transcendencia da cuestión e a inclusión no proxecto de lei de aspectos que non están incluídos no Plan. Polo que atinxe á memoria económico-financeira da Consellaría de Facenda, adoece de carencias importantes como o que ten que ver cos custos do chamado "impulso dixital", que, ademais de ter unha contía moi reducida, só ten en conta a capacitación dixital do persoal empregado público sen incluír ningunha referencia ao investimento en competencias dixitais do conxunto da poboación.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 17:11:57
Nº Rexistro: 49628
Data envio: 07/05/2019 17:11:57.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En canto á participación e implicación da cidadanía na elaboración e seguimento de políticas e programas, o texto do anteproxecto fai proclamas xerais (artigo 47) sobre o fomento da participación mais non establece canles e garantías para facela efectiva. A lei debería garantir, xunto coa obriga de publicidade de normas, proxectos e programas na web, a participación directa e presencial dos colectivos e persoas interesadas, así como o fomento da intervención activa nos asuntos públicos. Todo isto para fomentar unha verdadeira democracia participativa, fronte á simulacro da transparencia e da participación virtuais.

Ao mesmo tempo, cómpre garantir que as webs corporativas e temáticas da Xunta de Galicia teñen un carácter informativo e non propagandístico, cuestión que non aparece recollida no proxecto. Asemade, o texto non resolve axeitadamente a interdependencia entre o arquivo electrónico administrativo e o sistema de arquivos e patrimonio documental de Galiza. Tamén carece de regulamentación o desenvolvemento das infraestruturas de xestión da información e o acceso a datos públicos (Big Data, portal de datos abertos).

Por último, o expediente pon de manifesto diversas eivas na tramitación e redacción do proxecto de lei, como pon de relevo o exhaustivo informe da Asesoría Xurídica Xeral do 8 de marzo de 2019. Botamos tamén de menos o informe do Consello Económico e Social, dada a transcendencia desta materia para o desenvolvemento económico e social do noso país.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 17:11:57
Nº Rexistro: 49628
Data envio: 07/05/2019 17:11:57.274

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG formula emenda de totalidade ao Proxecto de lei de administración dixital de Galiza, solicitando a devolución ao goberno.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2019 17:10:34

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2019 17:10:40

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49625
Data envio: 07/05/2019 16:17:40.338

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade, con expresa petición de devolución, ao Proxecto de lei de administración dixital de Galicia (doc. núm.48795), sobre a base das seguintes consideracións:

1. A Comisión Europea deseñou en 2010 a *Estratexia Europa 2020*, orientada a impulsar un crecemento intelixente, sustentable e integrador, baseado na innovación e na economía do coñecemento, para xerar altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social. Nesta contorna, defínese a *Axenda Dixital para Europa* que permite facer das TIC a peza clave para que Europa consiga os seus obxectivos ambiciosos para 2020 .

En xullo de 2014, a OCDE dispuxo unha serie de recomendacións para o desenvolvemento das Estratexias de Administración Dixital, nas que se tratan aspectos como que a difusión e adopción de tecnoloxías tamén está cambiando as expectativas sobre a capacidade dos gobernos para ofrecer un valor público, instando a non separar a eficiencia doutros obxectivos da política social no goberno e a xestión das tecnoloxías dixitais.

O reto non consiste en introducir as tecnoloxías dixitais nas administracións públicas senón en integrar o seu uso nos esforzos de modernización do sector público, pasando de enfoques centrados nos cidadáns a enfoques impulsados polos cidadáns.

A propia exposición de motivos deste proxecto de lei sinala como as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), e en particular a internet, teñen adquirido na sociedade actual unha importancia evidente nas relacións económicas, sociais e profesionais.

Ademais dos instrumentos para o desenvolvemento da Administración electrónica e da necesaria coordinación entre os diferentes axentes do sector público para acadar unha relación dixital actualizada, segura e inclusiva cos cidadáns, a exposición do proxecto de lei manifesta querer superar o ámbito do procedemento administrativo para se dirixir á cidadanía en xeral e non unicamente ás persoas interesadas nun procedemento administrativo, constituíndo un dos seus alicerces básicos nesta orientación á cidadanía a universalización dos servizos dixitais para cidadáns particulares e para as empresas. Téñase en conta a especial dispersión no medio rural, que abrangue

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49625
Data envio: 07/05/2019 16:17:40.338

máis do 80 % do noso territorio, que deberá contar coas mesmas oportunidades de acceso aos servizos dixitais se queremos evitar que esta fenda social e territorial siga avanzando. Pero o proxecto de lei non asume compromisos concretos para evitar esta fenda dixital no territorio, pero sobre todo nas persoas e nas empresas.

E si é certo que o novo escenario lexislativo estatal, a fragmentación actual da normativa autonómica na materia e, sobre todo, os novos retos de inclusión, seguridade, protección e reutilización de datos, esixen un marco lexislativo que dote Galicia dunha nova regulación, o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia, que en todo caso se circunscribe ao sector público autonómico, non aborda os retos principais anunciados en materia de impulso social e económico.

2. O Proxecto de lei, no marco das leis básicas estatais 39 e 40 de 2015 reguladoras do procedemento administrativo común das administracións públicas e do réxime xurídico do sector público, articula os instrumentos de relación dixital coa cidadanía, a presenza do sector público autonómico na internet ou os necesarios medios de seguridade, protección de datos e continuidade das infraestruturas dixitais, pero non aborda realmente con un mínimo de previsión a nivel lexislativo o alcance, medios e previsións orzamentarias do que denomina "marco galego de competencias dixitais" dirixido á cidadanía no seu título VI.

O texto do proxecto defire ao nivel executivo a definición por parte da Xunta de Galicia deste marco de competencias que deben determinar os coñecementos, capacidades e aptitudes mínimas para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade usuaria de servizos dixitais avanzados, á mellora profesional e ao benestar colectivo. Pero entendemos que debe de ser o propio texto da lei quen articule estes compromisos. Coñecer unha posible incardinación deste marco no sistema educativo ou no sistema de cualificacións profesionais é crítico. Asumir unha planificación sectorial, xeracional, ou por segmentos de poboación resulta necesario para poder dispor dun diagnóstico de situación actual e programar actuacións e dotacións orzamentarias.

3. Ademais o Proxecto de lei,

- Non desenvolve retos que anuncia en materia de impulso e fomento dixital polo impacto dos servizos dixitais do noso sector público nos diferentes ámbitos económicos.

- Inclúe ao colectivo dos autónomos, por riba dos requirimentos das leis básicas estatais, entre os suxeitos que de forma obrigatoria se deben relacionar dixitalmente co sector público autonómico. Esta é unha necesidade ineludible,

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49625
Data envio: 07/05/2019 16:17:40.338

pero que non vén acompañada das necesarias medidas progresivas de estímulo e asesoramento.

- Fai ademais abstractas referencias ás relacións dos provedores de servizos ou produtos dixitais coas entidades do sector público autonómico, sen definir este marco de relacións económicas e comerciais.

- E non contén compromisos claros co software libre como ferramenta de transformación social que coadxuva a fomentar a igualdade, a participación e a solidariedade, así como a menor dependencia tecnolóxica e o emprego TIC local.

4. En todo este contexto, no que como incluso observa a propia memoria xustificativa de Amtega, unha infraestrutura dixital de alta calidade sustenta a práctica totalidade dos sectores dunha economía moderna e innovadora e é de importancia estratéxica para a cohesión social e territorial de Galicia, o Goberno galego non introduce neste proxecto de lei compromisos orzamentarios, indicadores de impacto social e económico, nin programacións plurianuais que contribúan a impulsar a economía dixital en Galicia. E esta grave carencia faise máis rechamante se temos en conta as previsións do *Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020*, que recolle no seu Eixe 4 unha serie de prioridades en materia de sociedade dixital que non se trasladan a este texto lexislativo.

Chama así a atención que téndose sometido o Proxecto de lei á audiencia e informe de diferentes axentes e sectores, non teña o Goberno galego solicitado o preceptivo informe do Consello Económico e Social de Galicia, conforme dispón o artigo 5.1 da súa Lei de creación 6/1995, do 28 de xuño. Como evidencian as estratexias referidas sobre axenda dixital, o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia regula unha materia directamente vinculada ao desenvolvemento económico e social de Galicia.

Por estas consideracións, por non afrontar o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia de xeito efectivo os principais retos socioeconómicos que deberían inspirar este texto lexislativo no actual contexto de dixitalización da nosa sociedade, con especial preocupación sobre a sociedade galega, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta esta emenda á totalidade para a devolución do texto ao Goberno.

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 49625
Data envio: 07/05/2019 16:17:40.338

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/05/2019 16:11:07

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 12:59:37
Nº Rexistro: 49616
Data envio: 07/05/2019 12:59:37.960

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade con solicitude de devolución**, ao **Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia, [doc. núm. 48795 (10/PL-000014)]** en base ás seguintes consideracións.

O desenvolvemento da administración dixital é, sen dúbida, un dos grandes desafíos da adaptación das Administracións públicas ao cambio tecnolóxico do presente e futuro.

Son moitas as normas que, desde finais do século pasado, veñen regulando a adaptación das administracións públicas ao entorno dixital.

O artigo 45.1 da xa derrogada Lei 30/1992 prevía que "as Administracións Públicas impulsarán o emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos, para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, coas limitacións que á utilización destes medios establecen a Constitución e as Leis".

Con posterioridade á Lei 30/1992, a importancia desta materia aconsellou profundar na súa regulación mediante unha Lei básica estatal, a lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Previamente, no noso ámbito o artigo 2.i) da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega, recolleu como principio xeral o de impulsar o emprego de técnicas informáticas e telemáticas para o

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 12:59:37
Nº Rexistro: 49616
Data envio: 07/05/2019 12:59:37.960

desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, dedicándose o artigo 8 a introducir unha habilitación legal para o desenvolvemento da regulación deses medios electrónicos, informáticos e telemáticos.

A partir de aí, a administración autonómica galega desenvolveu diversos mecanismos para tratar de acadar a adaptación mediante o exercicio da súa potestade regulamentaria.

Entre eles os Decretos 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos.

Posteriormente, nun segundo momento, publicouse o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, son importantes tamén os Decretos 192/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da administración autonómica, e o Decreto 201/2011, do 13 de outubro, que regula a presenza da Administración autonómica na Internet, e o Decreto 73/2014, do 12 de xuño, polo que se crean e regulan os órganos colexiados con competencias en materia de seguridade da información e goberno electrónico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Pola súa parte, o artigo 21 e a disposición transitoria primeira da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da administración autonómica, regulou o uso de medios electrónicos para a constitución e adopción de acordos dos órganos colexiados, en desenvolvemento das normas básicas que sobre os órganos colexiados contiña a Lei 30/1992.

Esta utilización fragmentaria da Lei autonómica continuouse con outras leis posteriores: a Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 12:59:37
Nº Rexistro: 49616
Data envio: 07/05/2019 12:59:37.960

públicos e da boa administración, que elevou de rango a regulación da atención telemática ao cidadán; a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, que abordou a xestión documental electrónica.

O feito de que as leis básicas estatais 39/2015 e 40/2015 incorporaran distintas medidas legais de regulación tanto do procedemento administrativo como do funcionamento interno das Administracións públicas, fixo que o lexislador galego procedese a realizar unha adaptación ao seu ámbito propio mediante a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. Esta regulación refírese aos seguintes aspectos: "Carpeta do Cidadán" (artigo 27), sistema de notificacións electrónicas de Galicia (artigo 28), interesados que non están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración (artigo 29), interesados obrigados a relacionarse coa Administración a través de medios electrónicos (artigo 30), obrigatoriedade de relacionarse electrónicamente coa Administración en determinados procedementos (artigo 31), colaboración con outras administracións públicas e interoperabilidade do sistema de notificacións electrónicas de Galicia (artigo 32) e, por último, a habilitación regulamentaria para a adaptación e actualización dos modelos normalizados de tramitación (artigo 33).

Dende o punto de vista da técnica administrativa, vista a situación na que se encontra a regulación xurídica desta materia, cun amplo desenvolvemento en normas básicas estatais; tendo presente a súa propia natureza técnica e, moi sobranceiramente, o alto nivel de cambio tecnolóxico que se opera constantemente nela, consideramos que a opción exercida neste caso polo Goberno da Xunta –un proxecto de lei dedicada a regular o conxunto das relacións ad intra e ad extra vinculadas co desenvolvemento da "administración dixital" no sector público autonómico– non é aceptable.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 12:59:37
Nº Rexistro: 49616
Data envio: 07/05/2019 12:59:37.960

Rexeitamos a formulación do proxecto de lei porque a política de codificación nun único texto normativo de todos os aspectos xurídicos de articulación da administración dixital –coa que estamos dacordo– non debe facerse nunha norma con rango de lei, por tres grandes motivos.

• Primeiro, porque esta conxelación de rango impide a rápida adaptación ao incesante cambio tecnolóxico que se está a producir neste ámbito.

• Segundo, porque a conxelación de rango é especialmente inapropiada cando se trata de normas técnicas, cuxo ámbito regulador propio é o das disposicións xerais das que é titular o poder executivo autonómico.

• A regulación das materias de procedemento electrónico, ciberseguridade (STC 142/2018, do 20 de decembro) e de protección de datos está na actualidade absorbida en grande medida polas normas básicas estatais e comunitarias, polo que as normas de adaptación autonómicas deberían manter unha flexibilidade maior, o que aconsella manterse no nível regulamentario. Este nível regulamentario impediría, ademais, caer na eiva das leges repetitae, proscritas pola doutrina do Tribunal Constitucional (vid. STC 119/2018).

Nun panorama autonómico comparado, é moi predominante a política xeral de renunciar ás normas con rango de lei para desenvolver a normativa básica sobre administración electrónica, optándose en cambio por unha política normativa centrada no desenvolvemento a través de disposicións xerais, cuxa natureza permite unha mellor adaptación aos previsibles cambios que se producen con frecuencia nesta materia. Só hai dúas leis autonómicas con este ámbito transversal de regulación: a Lei foral 11/2007, de 4 de abril, para la Implantación de la Administración Electrónica en la Administración de la Comunidad Foral de Navarra, e a Lei 29/2010, de 3 de agosto, del uso de los medios electrónicos en el sector público de Cataluña. Unha terceira, a Lei valenciana 3/2010, do 5 de maio,

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 12:59:37
Nº Rexistro: 49616
Data envio: 07/05/2019 12:59:37.960

de administración electrónica da Comunidade Valenciana, foi derrogada posteriormente pola Lei 5/2013, de medidas para o ano 2014, e substituída –na liña aquí apuntada– polo Decreto 220/2014, do 12 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Administración Electrónica da Comunitat Valenciana.

O proxecto de lei, ademais, non supón ningunha innovación de alcance. É ben significativo que a Memoria de Impacto Orzamentario recoñeza que non supón incremento de custo económico directo verbo do xa previsto no Plan de Administración e Goberno Dixitais 2020, que xa conta con financiamento do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020 (5.900.000 € para 2019 e 2020).

En especial, non se afrontan os cambios necesarios para responder ás transformacións que a administración dixital vai supor na demanda de emprego público, tanto a nivel cualitativo (no perfil profesional e funcional dos efectivos) como a nivel cuantitativo (no número de efectivos)

Por todos estes motivos, consideramos que o Proxecto de lei non deixa de ser unha peza máis da lexislación simbólica ao que o Partido Popular nos ten acostumados: unha lei sen achegas substantivas, coa que encher as páxinas do Diario Oficial de Galicia.

Mais aló da técnica administrativa dende o Grupo Parlamentario de En Marea atopamos diversas consideracións a maiores que teñen a ver coa equidade, a necesidade de superar a fenda dixital, a garantía de acceso de forma competitiva as redes en todo o territorio, a igualdade ou a imposibilidade de garantir o carácter público dos servizos , que fan necesario retirar o actual proxecto.

Así o Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia ten unha orientación de mingua dos servizos da administración á cidadanía. Xa pasou co papel, a burocracia non impide que a xente non poda acceder a administración electrónica, por ser complexa, impón uns pasos previos, que tamén son

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 12:59:37
Nº Rexistro: 49616
Data envio: 07/05/2019 12:59:37.960

farragosos, como é o uso do certificado dixital, o que implica ter conexión de internet, cargando máis as persoas que pola idade non teñen ou non queren aprender a facer trámites coa administración de forma electrónica. Favorécese ao sector privado, que é o que realmente obtén beneficio deste tipo de leis,.

O acceso ás TIC debe garantir a posibilidade de acceso ás novas tecnoloxías en condicións de igualdade, de forma que a totalidade da poboación Galega teña garantido o acceso universal ao coñecemento, as redes e as ferramentas que eviten a exclusión dixital que hoxe sofre boa parte da cidadanía.

A obriga que se recolle en diferentes apartados da lei de deber de uso dos servizos dixitais, que impón esa forma de comunicación coa Administración, inda que non se especifica como se vai facilitar o acceso a estes servizos á cidadanía (ademais do previsto no artigo 7. b) e c) da lei, sen mencionar por exemplo, o método se hai unha interrupción do servizo, unha caída da rede, unha fenda de seguridade, unha interrupción momentánea que pode deixar unha solicitude a medias, e o proceso para a súa reanudación, así como as fendas de seguridade e o roubo de datos que se poidan aproveitar para facer un ciberataque e un roubo dos mesmos.

Tampouco se menciona que nos concellos, cunha poboación envellecida, será obrigatoria a contratación de profesionais que realicen estas labores de asesoramento ou de tramitación dun simple papel xa que a xente maior nin está preparada e en moitos casos non está en disposición de aprender a relacionarse coa administración de forma electrónica.

A obriga estendida a profesionais autónomos, para todas as actividades que realicen no exercicio da súa actividade profesional afonda nesta necesidade de contratación doutros profesionais para realizar etas labores, tamén para o estudantado universitario e para as persoas que representen as suxeitos mencionados.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 12:59:37
Nº Rexistro: 49616
Data envio: 07/05/2019 12:59:37.960

Tampouco se establece cales son os criterios para establecer a obrigatoriedade do uso das comunicacións electrónicas coa Administracións doutros colectivos que por razón da súa capacidade podan comunicarse deste xeito. Ao final todo queda nunha decisión discrecional da propia administración que irá aumentando os colectivo.

Ademais, moita desta información que a propia cidadanía vai aportar xa está en poder da administración, só que non está informatizada, e non hai cales de interoperabilidade entre administracións, nin tampouco as condicións de seguridade necesarias para que os datos flúan correctamente sen que haxa fugas de información e con respecto ao disposto na normativa de protección de datos tanto comunitaria como estatal.

Tampouco se regula como se vai garantir o acceso ás persoas con diversidade funcional, o proxecto non contempla os mecanismos para asegurar a igualdade absoluta e a inexistencia de barreiras no acceso a información, polo tanto estamos ante un proxecto incapaz de garantir o acceso en pé de igualdade á administración dixital.

Fálase de colectivos en risco de exclusión dixital pero non se recollen os mecanismos para evitar a exclusión dixital, hoxe non existen tarifas de carácter social accesible para as persoas en exclusión, ou as familias con dificultades económicas, e o proxecto non contempla mecanismo públicos para evitar esta situación, hoxe é unha quimera a administración dixital para aquela parte da cidadanía que sofre exclusión (entre outras carencias falta de vivenda, falta de recursos para a propia subsistencia, un mínimo vital para poder comer- a RISGA non chega a todas as persoas- pobreza enerxética), en todo caso esta exclusión dixital : carencia de acceso a rede, ordenadores, wifi, conexión por cable que é máis acentuado en persoas nas que non teñen sequera para subsistir.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 12:59:37
Nº Rexistro: 49616
Data envio: 07/05/2019 12:59:37.960

Fálase de xeito recorrente sobre a capacitación dixital das persoas para fomentar a igualdade e a participación da cidadanía, sen embargo isto non é posible sen que a rede de banda ancha chegue a todos os recunchos do noso pais. Así, se no centro por exemplo dun concello non hai pares libres non se pode garantir o acceso a rede, nin ao fomento da economía do mesmo, a través da riqueza xerada polo comercio, polas relacións que se establecen entre a rede, o comercio e a repercusión e a forma de incidir na creación de emprego e as sinerxias que se establecen e que repercuten no PIB. Por tanto, antes que garantir as competencias ou ao mesmo tempo hai que garantir o acceso en condicións de igualdade en calquera lugar do territorio nacional

Hoxe o acceso á información dixital e ás redes de información deberían considerarse un dereito. Estar conectado é un dereito básico da cidadanía, que por desgraza non é universal, e non o vai a ser nun prazo relativo de tempo, por máis que no estado haxa máis móbiles ca persoas e que moitos deles teñan conexión a internet.

Por último o actual proxecto contempla un proceso de profundización na privatización da administración pública galega, recoñecendo a necesidade de exercer a Xestión indirecta de diversos servizos que teñen a ver coa dixitalización e a administración dixital, dende o noso grupo consideramos necesario garantir e blindar o carácter público desta Xestión, fomentando polo tanto a Xestión directa deste tipo de servizos relacionados coa administración dixital, evitando que mais información da cidadanía acabe en mans de grupos empresariais que acumulan enorme poder a través da Xestión da información privilexiada da cidadanía Galega. A magnitude destes contratos ademais está a xerar auténticos monopolios tanto na administración dixital como na información da cidadanía, elementos que debemos superar e modificar e que non están contemplados no texto que se presenta.

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2019 12:59:37
Nº Rexistro: 49616
Data envio: 07/05/2019 12:59:37.960

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todas estas razóns, O Grupo Parlamentario de **En Marea formula a presente emenda á totalidade ao Proxecto de lei de Administración dixital de Galicia, solicitando a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputados e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 07/05/2019 12:58:53

Carmen Santos Queiruga na data 07/05/2019 12:58:58

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGMx9ZRU02v4
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/